

# PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

**CURSO 2022-2023**



## ÍNDICE

---

|  |         |
|--|---------|
| 1. Introducción.....                             | páx. 3  |
| 2. Xustificación baseada no contexto.....        | páx. 3  |
| 2.1 Marco teórico-legal .....                    | páx. 3  |
| 2.2 Marco contextual .....                       | páx. 4  |
| 3. Liñas prioritarias de actuación .....         | páx. 6  |
| 4. Ámbitos de intervención .....                 | páx. 7  |
| 5. Estratexias de intervención .....             | páx. 7  |
| 6. Obxectivos xerais .....                       | páx. 8  |
| 7. Planificación xeral .....                     | páx. 10 |
| 7.1. Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe..... | páx. 10 |
| 7.2. Ámbito de acción tutorial .....             | páx. 12 |
| 7.3. Orientación académica e profesional .....   | páx. 14 |
| 8. Temporalización .....                         | páx. 15 |
| 9. Medidas organizativas .....                   | páx. 17 |
| 10. Seguimento e avaliación .....                | páx. 18 |

---

|  |         |
|--|---------|
| ANEXO I. Programación de Pedagogía Terapéutica para o<br>alumnado con NEAE ..... | páx. 19 |
|--|---------|

---

## INTRODUCCIÓN

Desde o departamento de orientación entendemos a orientación como un proceso de análise e tratamento das situacións educativas desde unha perspectiva de colaboración e axuda sistemática á comunidade educativa. Esta comunidade educativa formada por profesorado, alumnado, pais, nais e persoal non docente, conforma un sistema no que as relacións que existen entre os seus membros influirán en todos eles, e as actuacións de cada un deles repercutirá nos demais e en si mesmo. Non se poden, pois, concibir illadamente as accións e consecuencias das mesmas, senón que é necesario coordinar as actuacións de todos e asumir as responsabilidades que cada un/unha de nós temos como parte do sistema educativo.

No noso modelo de orientación temos como obxectivo a realización de propostas educativas adaptadas ás necesidades dos distintos elementos que conforman a comunidade escolar para desenvolver dun xeito colaborativo e compartido entre todo o profesorado, equipo directivo e familias. Entendemos a orientación educativa como un continuo que comeza coa escolarización do alumnado e que inclúe a toda a poboación escolar, como un proceso global e unitario que integra aspectos do desenvolvemento persoal e social, dos procesos de ensino-aprendizaxe e os relacionados coa toma de decisións, tendo como finalidade básica o desenvolvemento integral da persoa.

En definitiva, a titoría e orientación do alumnado forman parte da función docente, e nesta concepción na que educar non é soamente transmitir coñecementos senón contribuír á formación integral dos alumnos e alumnas todo o profesorado ten responsabilidade na función de orientación. No entanto, para garantir a sistematicidade e coherencia no desenvolvemento da orientación e do proceso educativo dos diferentes grupos, é función do departamento de orientación (como órgano de coordinación docente) a planificación e asesoramento destas actuacións, fundamentalmente en coordinación co equipo directivo e titores, nomeados ao inicio de cada curso segundo os criterios establecidos na lexislación vixente, no proxecto educativo do centro e tendo en conta a dispoñibilidade de recursos e medios dos que dispón o centro.

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### **2.1.- MARCO TEÓRICO LEGAL**

As principais referencias legislativas sobre as que se sustenta este Plan de Orientación son:

- ❖ *Ley Orgánica 3/2020*, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- ❖ *Lei 4/2011 do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ❖ *Decreto 86/2015*, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza (LOMCE).
- ❖ *DECRETO 156/2022*, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ *DECRETO 157/2022*, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato

na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ❖ *RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022*, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23

Outras disposicións máis específicas do traballo a desenvolver polo departamento de Orientación son:

- ❖ *Decreto 120/1998*, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ *Decreto 229/2011*, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ❖ *ORDE do 8 de setembro de 2021* pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ❖ *Orde do 24 de xullo de 1998* pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120 /1998.
- ❖ *Circular 8/2009* da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- ❖ *Circular 10/2010* da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional.

Cabe sinalar que o noso modelo de orientación, ademais de partir do disposto na normativa antes mencionada, está en concordancia coas liñas directrices establecidas no Proxecto Educativo do Centro (PEC). Así, as actuacións deste departamento enmarcaranse dentro dos seguintes ámbitos xerais:

1. **A atención á diversidade**, especialmente no que se refire á atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
2. **A convivencia** no marco da formación de cidadáns responsables, autónomos e participativos.
3. **A motivación** pola aprendizaxe e a valoración do esforzo.
4. **O asesoramento e a orientación profesional na formación ao longo da vida.**

## 2.2 MARCO CONTEXTUAL

O Plan de Orientación está deseñado para o seu desenvolvemento no **IES de Cacheiras**, na localidade de Cacheiras (Teo). Este centro ten unha matrícula en torno aos 675 alumnos, atendidos por un plantel de 69

profesores. A oferta educativa comprende:

- **Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO)**, impartíndose os catro cursos da ESO (liña cinco en todos eles).
- **Bacharelato**, tanto o Científico-Tecnolóxico coma o de Humanidades e Ciencias Sociais. Conta con tres grupos en primeiro e segundo.

O horario lectivo é: Luns e Martes de 8:30 a 15:00 e Mércores, Xoves e Venres de 8:30 a 14:10.

O alumnado distribúese tal e como se recolle na táboa seguinte:

| <b>GRUPO</b> | <b>Nº alumn.</b> | <b>GRUPO</b>       | <b>Nº alumn.</b> |
|--------------|------------------|--------------------|------------------|
| <b>ESO</b>   |                  | <b>BACHARELATO</b> |                  |
| 1º ESO A     | 25               | 1º BACH A          | 29               |
| 1º ESO B     | 25               | 1º BACH B          | 27               |
| 1º ESO C     | 26               | 1º BACH C          | 27               |
| 1º ESO D     | 25               |                    |                  |
| 1º ESO E     | 26               | 2º BACH A          | 24               |
|              |                  | 2º BACH B          | 24               |
| 2º ESO A     | 21               | 2º BACH C          | 23               |
| 2º ESO B     | 27               |                    |                  |
| 2º ESO C     | 26               |                    |                  |
| 2º ESO D     | 26               |                    |                  |
| 2º ESO E     | 27               |                    |                  |
| 2ºPMAR       | 6                |                    |                  |
|              |                  |                    |                  |
| 3º ESO A     | 21               |                    |                  |
| 3º ESO B     | 18               |                    |                  |
| 3º ESO C     | 22               |                    |                  |
| 3º ESO D     | 22               |                    |                  |
| 3º ESO E     | 23               |                    |                  |
| 3º PDC       | 6                |                    |                  |
|              |                  |                    |                  |
| 4º ESO A     | 24               |                    |                  |
| 4º ESO B     | 22               |                    |                  |
| 4º ESO C     | 24               |                    |                  |
| 4º ESO D     | 23               |                    |                  |
| 4º ESO E     | 23               |                    |                  |

No tocante ao propio **Departamento de Orientación**, sinalar que está composto segundo o disposto no Decreto 120/98 por:

- D. **Xoán Ugarte Otero**, como profesor especialista en Orientación, que exerce ao mesmo tempo a Xefatura do Departamento.
- Dna. **M<sup>a</sup> Carmen García Castro**, como profesora coa especialidade de Pedagogía Terapéutica, que exerce a función de apoio e reforzo ao alumnado que o require.
- Dna. **Helena Martínez Cebey**, como profesora coa especialidade de Pedagogía Terapéutica, que exerce a función de apoio e reforzo ao alumnado que o require.
- D. **Isabel Losada Campa**, como titor do ámbito lingüístico e social.
- D. **Alejandro J. Caeiro Camino**, como titor do ámbito científico-tecnolóxico.

Ao igual que en cursos anteriores, unha das PT (Helena Martínez Cebey) é compartida, concretamente co CEIP Os Tilos, estando só no centro os martes e xoves, o que supón unha clara merma na calidade da atención que se pode prestar ao alumnado con dificultades.

O Departamento de Orientación reunirase con carácter xeral unha vez ao mes (dacordo co establecido na *Orde do 4 de xuño de 2012*). Nesta reunión procurarase dar prioridade aos temas relacionados coa acción titorial, convivencia escolar e atención á diversidade. Asimesmo, o Xefe do Departamento de Orientación reunirase asiduamente coa Xefatura de Estudos, coas profesoras de apoio e cos titores/as dos distintos cursos da ESO e Bacharelato para colaborar e asesorar nas medidas e actuacións levadas a cabo.

Por último, cabe sinalar que este centro conta con 3 centros adscritos, todos eles con orientador/a propio: o CEIP da Ramallosa, o CEIP Os Tilos e o CEIP A Igrexa-Calo.

### **3. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN**

No curso 2022-2023, priorizaremos actuacións que contribúan á mellora do noso sistema educativo e en concreto á mellora do funcionamento do noso centro, tomando como referente as establecidas no marco da lexislación vixente, estas actuacións abranguerán os seguintes temas:

- Atención á avaliación formativa do alumnado, especialmente no caso das necesidades específicas de apoio educativo e, dentro do plan de acción titorial, ó desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.
- Potenciación de accións que desenvolvan a actividade orientadora en tódolos niveis educativos que se imparten no centro e nos adscritos, así como accións que propicien a coordinación entre as ensinanzas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e postobrigatoria, coa finalidade de garantir o principio de continuidade da orientación na escolaridade do alumnado.
- Colaboración cos departamentos didácticos e os equipos docentes de nivel, a través das canles establecidas na programación xeral do centro.
- Dinamización do Plan de Convivencia, do Plan de Acción Titorial e do Plan de Atención á Diversidade a través das programacións dos referidos plans incluídas na Programación Xeral anual do centro.

#### **4. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN**

A actuación do departamento de orientación desenvolverase en torno a tres ámbitos, que están estreitamente interrelacionados:

Apoio o proceso de ensinanza e aprendizaxe (Plan Xeral de Atención a Diversidade, PXAD), tanto no relativo ás medidas educativas preventivas e ordinarias como extraordinarias

Apoio á organización e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial (PAT), e ao Plan de Convivencia (PC) a fin de favorecer o seguimento do proceso de ensinanza e aprendizaxe de todo o alumnado e do grupo, e a súa inserción e participación na dinámica do centro.

Apoio á organización e desenvolvemento do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP), para axudar ao alumnado nos procesos de toma de decisións.

Apoio á organización e desenvolvemento do Plan de Igualdade.

#### **5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**

A organización da intervención e apoio ao proceso de ensinanza- aprendizaxe realizarase fundamentalmente a través da reunión dos equipos docentes de grupo. Nestas reunións propoñeranse as medidas educativas ordinarias e extraordinarias que poida necesitar un alumno/a ou un grupo en cada área ou materia, así como a forma de colaboración das profesoras de apoio para o desenvolvemento das medidas que se acorden. Tanto o tipo de medidas educativas como a forma de colaboración das profesoras de apoio serán modificadas en función dos cambios que se vaian producindo e das necesidades que poidan xurdir.

Os plans de acción titorial, de convivencia, de atención á diversidade e de orientación académica e profesional deséñanse segundo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, recollendo as propostas que os titores e titoras fan, e tendo como referencia os seguintes criterios:

- Que respondan ás finalidades do actual sistema educativo.
- Que se adapten ás características e necesidades do alumnado e do centro.
- Que sexan flexibles e abertos a tódalas posibles modificacións que a práctica e circunstancias aconsellen; pero que o mesmo tempo, teñan un grao de estabilidade suficiente para que a súa continuidade non se vexa afectada polos cambios de profesorado, equipo directivo, etc.

Utilízase, como canle principal para o deseño e desenvolvemento destes plans, a estrutura das titorías, porque a función titorial ten un recoñecemento legal e unha consolidación no funcionamento do centro. A través dos titores e

titoras chegarase ao resto do profesorado, ao alumnado e ás familias. No entanto, é preciso suliñar as diferenzas entre a acción titorial que poden realizar os titores e titoras da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria e os/as de Bacharelato: os/as primeiros/as teñen contemplado no seu horario lectivo unha sesión de titoría co grupo de alumnos/as, e é nesa sesión cando poden desenvolver o plan de acción titorial e de orientación académica e profesional, mentres que esta sesión non está contemplada para os/as de Bacharelato.

## **6. OBXECTIVOS XERAIS**

Tendo en conta o apuntado anteriormente, o traballo que se pretende levar a cabo desde este Departamento inténtanse abarcar tres dimensións fundamentais do alumnado:

- Persoal e familiar, entendendo ao alumno/a como persoa individual que forma parte dunha familia.
- Escolar e social, entendendo ao alumno/a como persoa que interacciona con outros e que debe integrarse na sociedade.
- Vocacional e profesional, entendendo ao alumno/a como unha persoa que deseña o seu propio proxecto de vida e se prepara para a súa inserción profesional.

Deste xeito, o noso traballo irá encamiñado á consecución de tres obxectivos xerais :

- Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada na procura dunha educación de calidade.
- Prever as dificultades na aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, mellorando o rendemento do alumnado nas competencias clave (comprensión lectora e matemática) coa finalidade de acadar unha aprendizaxe funcional e significativa.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores democráticos.

Á marxe destes obxectivos xerais, existen unha serie de obxectivos máis específicos organizados en torno ao destinatario (centro, profesorado, alumnado, familias e outros organismos).

### **a) Co Centro:**

- Colaborar na elaboración, seguimento, actualización e avaliación dos diferentes documentos: Proxecto Educativo, Plan de Convivencia, Plan de Acollida ao Alumnado Inmigrante, Plan Lector, Plan de Igualdade e, especialmente, no Plan de medidas de atención á diversidade.
- Colaborar nas actuacións encamiñadas a promover un clima escolar positivo e a resolución pacífica de conflitos.
- Participar na análise e valoración dos criterios de avaliación, promoción e titulación nas diferentes etapas educativas ofertadas polo Centro, tendo en conta a lexislación pertinente e as modificacións que poidan xurdir ao longo do curso.





- Adaptar os itinerarios e a optatividade á lexislación vixente que rexerá o actual e o vindeiro curso académico.
- Coordinarse co equipo directivo naqueles temas que se considere máis urxente abordar dende o Departamento de Orientación (dinamizar actuacións que favorezan a convivencia, aula de convivencia, agrupamento do alumnado, relacións persoais, habilidades sociais...).
- Promover a cooperación entre o Centro e as familias para unha maior eficacia e coherencia na práctica educativa.
- Elaborar, revisar e actualizar a documentación e o material de traballo existentes no Departamento de Orientación.
- Estreitar a colaboración cos centros de Primaria adscritos, de tal xeito que se facilite o fluxo de información, favorecendo a acollida do novo alumnado no centro e a adopción, nos casos nos que sexa pertinente, das medidas de atención á diversidade necesarios o máis temperá posible.

#### **b) Co Profesorado:**

- Coordinar o traballo de titorías xunto coa Xefatura de Estudos e asesorar ao profesorado no desempeño da función titorial.
- Realizar a implementación, seguimento e avaliación do PAT a través das actividades que se leven a cabo nas titorías: asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.
- Colaborar coas titorías e os equipos docentes no deseño e posta en práctica de actividades dinamizadoras da convivencia.
- Asesorar ao profesorado que o demande naqueles aspectos relacionados co ámbito da orientación.
- Fomentar actuacións que teñan como obxecto a atención á diversidade presente nas aulas, coma por exemplo na identificación de necesidades e na revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que está a recibir o alumnado (para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar).

#### **c) Co Alumnado:**

- Atender as necesidades do alumnado e realizar unha orientación planificada, continua, preventiva, sistemática e integradora.
- Potenciar na orientación académica e profesional a igualdade no acceso á formación profesional (mediante accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade: de xénero, residencia, orixe...).
- Proporcionar asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades: RE, ACIS, probas de acceso a ciclos, PDC, PMAR...
- Axudar ao alumnado nos momentos de maior dificultade: ingreso no centro, elección de distintas materias optativas, elección entre diversos itinerarios, toma de decisións...

**d) Coas Familias:**

- Cooperar na relación titores/pais na solución de problemas que afecten aos seus fillos/as.
- Prestar atención individual cando haxa demandas.
- Facilitar información e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.

**e) Con outros organismos:**

- Colaboración e intercambio de información cos Servizos Sociais do Concello e outros servizos da Mancomunidade (Plan de Drogas, Psicóloga, CIM...)
- Contacto con outros servizos: oficina de información xuvenil, axente de desenvolvemento local do Concello...
- Colaboración coa Cruz Vermella.
- Contacto con outros departamentos de orientación.
- Colaboración co Equipo de Orientación Específico.
- Contacto e colaboración con universidades, consellerías, centro de formación do profesorado, organismos de emprego, ONG...

**7. PLANIFICACIÓN XERAL:**

Tal e como se sinalou anteriormente, o Departamento de Orientación centra a súa intervención en tres ámbitos de actuación distintos aínda que complementarios entre si: Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe, o Plan de Acción Titorial e a Orientación Académica e Profesional.

**7.1. APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE**

No modelo educativo actual o currículo defínese como aberto e flexible, coa posibilidade de concretalo na aula segundo as necesidades do grupo de alumnos. Isto significa que pese a que os obxectivos son os mesmos para todos, resulta suficientemente aberto como para que cada centro os adapte ás características específicas do seu alumnado, respectando a pluralidade cultural e dando respostas educativas que teñan en conta a diversidade de capacidades, intereses e motivacións existentes no centro.

Na mesma liña, a consideración dos problemas de desenvolvemento e aprendizaxe dende un punto de vista funcional (concepción interactiva do desenvolvemento), implica pensar que as capacidades do alumnado vanse desenvolvendo en función, entre outras cousas, da intervención educativa, e non nun modelo determinista que considere ditas capacidades como estáticas, innatas e non modificables pola educación. Deste xeito, a diversidade humana é unha realidade evidente que debería ser asumida por todos os integrantes da comunidade escolar coma unha posibilidade enriquecedora da tarefa educativa. En consecuencia, a necesidade de ofrecer unha resposta educativa adaptada a cada alumno/a escolarizado no centro xustifica a necesidade das medidas de apoio recollidas neste plan.

Por outra banda, un dos obxectivos prioritarios de gran parte das políticas educativas actuais é reducir o fracaso escolar, así como dotar aos estudantes das habilidades e competencias necesarias para a mellora da aprendizaxe. Esta idea tradúcese nunha participación activa e autónoma do alumnado no propio proceso de ensinanza-aprendizaxe. Neste sentido, a perspectiva constructivista que guía o actual proceso educativo persigue que o propio alumno, en busca da súa autonomía, sexa consciente dos mecanismos cognitivos implicados na aprendizaxe, de xeito que tome control deles (o denominado *aprender a aprender*), e sexa capaz de ser consciente do que sabe, do que é necesario aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais. O punto final, polo tanto, será a adquisición das competencias básicas que lle permitan afrontar con éxito o proceso de desenvolvemento social, persoal e laboral. Con este obxectivo, a identificación temperá de dificultades resulta fundamental de cara a intervir na súa solución a través da dotación dos mecanismos/estratexias necesarias para mellorar o rendemento académico e da adaptación da aprendizaxe ás características dos alumnos, en definitiva, a través da posta en marcha das medidas de prevención/actuación máis adecuadas aos alumnos do centro. A necesidade de atención a este proceso faise explícita na propia LOMLOE, onde se sinala como finalidade da ESO o desenvolvemento e consolidación de hábitos de estudo e de traballo. Así mesmo, no Decreto que regula o currículo desta etapa (*Decreto 156/2022*) sinalase, entre as competencias básicas, a de aprender a aprender. Por último, cabe sinalar que tanto no *Decreto 120/1998* como na *Orde do 24 de Xullo de 1998* establécese como función do Departamento de Orientación o deseño de actuacións encamiñadas á prevención de dificultades, problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades.

En definitiva, desde o Departamento de Orientación do IES de Cacheiras búscase proporcionar axuda psicopedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, mediante a intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que incidan naqueles aspectos que manifestan a diversidade do alumnado e que están estreitamente relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe, tales como a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos alumnos. Nas medidas de atención a diversidade que se adopten, tanto de carácter ordinario como extraordinario, priorizaranse, se procede, as intervencións aos grupos contemplados na *Circular 10/2010* e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as propostas de mellora recollidas na memoria de cursos anteriores.

### **Obxectivos:**

- Asesorar ao equipo directivo e ao profesorado sobre as medidas educativas ordinarias e extraordinarias de atención a diversidade establecidas no proxecto educativo dentro do plan de atención á diversidade e a necesidade da súa implantación para poder atender á diversidade do alumnado.
- Colaborar cos equipos docentes na avaliación inicial do alumnado e no establecemento de medidas educativas adaptadas ás necesidades detectadas no grupo ou nalgún alumno ou alumna.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas fronte á diversidade multicultural.

- Participar no deseño, desenvolvemento e seguimento de medidas de carácter preventivo e compensador das necesidades específicas de apoio educativo: reforzo educativo, agrupamentos específicos adaptacións curriculares, programas de diversificación curricular, etc.
- Participar no deseño e colaborar no desenvolvemento de programas específicos para o alumnado procedente do estranxeiro.
- Apoiar o desenvolvemento de medidas de atención á diversidade adaptadas ás necesidades e características de cada alumno/a, dun pequeno grupo ou dun grupo-clase.
- Colaborar cos departamentos didácticos e cos equipos docentes para que se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie o desenvolvemento de actividades que favorezan a aprendizaxe significativa.
- Colaborar no seguimento e avaliación do Proxecto do Centro, fundamentalmente nos principios relativos á avaliación formativa e na adecuación dos criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Asesorar e elaborar guías orientativas para o desenvolvemento das sesións de avaliación, na procura de actuacións que permitan dar coherencia ás respostas educativas.
- Participar no seguimento do Proxecto Educativo de Centro
- Promover actividades que impliquen a cooperación entre o centro e as familias
- Asesorar e ofrecer recursos para que durante os períodos de inscrición e matriculación do alumnado se poidan atender as demandas de información académico- profesional da comunidade educativa
- Colaborar e coordinarse cos diferentes servizos e institucións que actúan no ámbito da orientación.
- Participar no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos.

O seguimento e avaliación realizarase fundamentalmente a través das diferentes reunións cos diferentes membros da comunidade educativa e das sesións de avaliación. Coas profesoras de PT, manterase unha comunicación constante na que analizaremos, de maneira continua e sistemática, a efectividade das medidas de atención á diversidade propostas para cada grupo de alumnos.

## 7.2. ÁMBITO DE ACCIÓN TITORIAL

A tutoría, como actividade inherente á función docente, realízase ao longo de todo o proceso educativo, de xeito individual ou colectivo, coa finalidade de que o alumno/a mellore o seu rendemento académico, solucione as súas dificultades escolares e consiga hábitos de traballo e de estudo, de reflexión e de convivencia social que garantan o uso adecuado da liberdade responsable e participativa. Neste sentido, o Plan de Acción Titorial (PAT) é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e o funcionamento das tutorías no centro. É responsabilidade do Departamento de Orientación elaborar, dacordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, a proposta do plan de acción titorial, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans. Este Plan de Acción Titorial, incluírase na Programación Xeral Anual e ademais dos obxectivos, recollerá unha proposta de actividades, temporalización, recursos, criterios de intervención, seguimento e avaliación.

Para o seu desenvolvemento, a lexislación vixente contempla unha hora lectiva semanal adicada á tutoría na ESO. Ademais, as persoas titoras intervirán individualmente con aqueles alumnos e alumnas que o precisen e desenvolverán actuacións en relación coas familias (asesorados en todo momento polo propio Departamento de Orientación).

Respecto da programación da acción tutorial, o Plan de Acción Tutorial marco será o punto de referencia da programación das actividades que se desenvolverán no presente curso e abranguerá a todo o Centro. O obxectivo fundamental é proporcionar un programa de traballo flexible que, ao mesmo tempo, permita aportar aos titores o material que necesitan para levar a cabo a súa labor e tamén para poder facer un seguimento desa acción tutorial. Concretamente, as actuacións neste ámbito centraranse en:

- Asesorar ao equipo directivo na planificación do inicio de curso, en aspectos referidos á constitución dos grupos e a estrutura e funcionamento das titorías.
- Colaborar na análise dos expedientes e recollida de información sobre o alumnado, especialmente do alumnado que inician este curso a etapa de educación secundaria obrigatoria e que presentan necesidades específicas de apoio educativo
- Elaborar o plan de acción tutorial segundo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as propostas dos titores e titoras., incidindo no eido da convivencia escolar tal como reflicte o Plan integral de mellora da convivencia escolar de Galicia e a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa, que se recolle na Programación do Plan de Convivencia
- Contribuír ao desenvolvemento da acción tutorial, ofertando asesoramento, materiais e propostas de actividades.
- Impulsar o desenvolvemento de programas e accións que incidan na aprendizaxe de valores propios dunha sociedade participativa e democrática, favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.
- Asesorar no desenvolvemento de actuacións dirixidas á resolución de conflitos e a mellorar as relacións sociais e convivencia nas aulas e no centro.
- Potenciar e coordinar a participación en programas destinados a prevención da violencia de xénero, de educación para a saúde, de educación afectivo-sexual.....
- Promover actividades que impliquen ás familias a á comunidade educativa
- Asesorar nas reunións e relacións coas familias, de xeito individual e colectivo, para que participen activamente no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Asesorar aos titores/as na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención a diversidade.
- Participar no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos
- Colaborar no desenvolvemento das actividades que propoña a Vicedirección do centro, que estean relacionadas coas funcións de orientación e tutoría.

### 7.3. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A educación debe favorecer o desenvolvemento persoal e a inserción sociolaboral do alumno/a, é dicir, preparalo para integrarse con éxito na sociedade. Os alumnos e alumnas teñen que tomar por primeira vez decisións de carácter vocacional que van a afectar de xeito importante ao seu futuro profesional. Ao rematar o ensino secundario obrigatorio o sistema educativo ofrécelles distintos itinerarios que dan resposta aos seus intereses e expectativas. Por iso é importante que reciban unha axeitada orientación académica e profesional. O proceso de toma de decisións nesta etapa esixe que o alumnado integre a representación de si mesmo e do mundo sociolaboral, confrontando as decisións que vai tomando no seu proceso formativo ata chegar a unha decisión final. Conforme vai conseguindo unha maior madurez persoal e vocacional, e obtendo información pertinente, tomará decisións de maior transcendencia, véndose obrigado a reorientar decisións anteriores ou a efectuar outras novas, xa que o proceso constitúe unha situación de búsqueda permanente de equilibrio que para o seu mantemento precisa de novas informacións e continuas tomas de decisións.

Neste sentido, a *LOMLOE* establece, xa nos seus primeiros artigos, a orientación académica e profesional dos alumnos como un dos principios necesarios para o logro dunha formación personalizada (*art. 1*), así como a obriga dos poderes públicos de prestar unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre os que está a orientación educativa e profesional (*art. 2*). Ademais, nesta etapa resulta de maior importancia (*art. 22 e 26*). Tamén se recolle dentro dos principais referentes legais que rexen a actuación do Departamento de Orientación (tanto no *Decreto 120/1998* como na *Orde do 24 de Xullo de 1998*), a obriga de facilitar ao alumnado o apoio e asesoramento necesario para enfrontar os momentos escolares máis decisivos, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerario formativos...

En resumo, a orientación académica e profesional, vital para o desenvolvemento integral do alumnado, é responsabilidade de todo o equipo docente e debe levarse a cabo tanto a través das actividades propias da titoría como das actividades de ensinanza-aprendizaxe das distintas áreas, cobrando un especial protagonismo o departamento de orientación en tarefas como: o deseño do plan, o asesoramento a titores/as e ao resto do profesorado naqueles aspectos máis especializados (autocoñecemento, adestramento na toma de decisións ...), prestando apoio informativo sobre opcións académicas e laborais, realizando unha intervención directa co alumnado en actividades concretas (aplicación de probas de aptitudes, intereses, charlas sobre carreiras...), etc.

Neste centro, as accións englobadas neste ámbito levaranse a cabo co obxectivo de:

- Elaborar o plan de orientación académica e profesional segundo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as propostas dos titores e titoras.
- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.
- Colaborar cos departamentos didácticos, equipos docentes e titores/as na incorporación ó currículo da

orientación académica: elección de materias optativas, itinerarios educativos.....

- Colaborar cos titores/as e cos equipos docentes na formulación do Consello Orientador.
- Orientar e asesorar a toda a comunidade educativa sobre as posibilidades académicas e laborais, así como sobre as ofertas educativas do seu contorno, no momento de finalización de una etapa educativa (ESO, Bacharelato) ; con especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Promover a realización de actividades de información e orientación nas que participen persoas e profesionais externos ao centro.
- Participar no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos.
- Participar no desenvolvemento das accións de orientación profesional que, dentro do Plan Galego de Formación Profesional, se estableza.

## **8. TEMPORALIZACIÓN**

En primeiro lugar cómpre destacar que se trata dunha temporalización *a priori*, xa que o propio transcorrer do curso pode aconsellar incluír ou eliminar algunhas delas.

### **PLAN DE ACTIVIDADES 1º TRIMESTRE:**

#### **Proceso de ensino- aprendizaxe, atención a diversidade:**

- Aportar a información facilitada polos centros adscritos, especialmente a do alumnado que presenta necesidade específicas de apoio educativo.
- Facilitar a información recollida sobre o alumnado polos titores e titoras en cursos anteriores.
- Coordinar o apoio do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, dando prioridade as áreas instrumentais no primeiro ciclo da ESO.
- Participar nas reunións dos equipos docentes.
- Orientar ao profesorado no uso de técnicas, materiais e programas que sirvan para previr actitudes discriminatorias cara ao alumnado doutras culturas e permitan resolver satisfactoriamente as posibles dificultades de integración que se podan producir.
- Colaborar na elaboración de adaptacións curriculares e/ ou no deseño de medidas de reforzo educativo.
- Asesorar e deseñar materiais para a realización das sesións inicial e 1ª avaliación, na procura de buscar actuacións que favorezan a coherencia nas respostas educativas.

#### **Ámbito de acción tutorial:**

- Deseño e desenvolvemento, en coordinación co equipo directivo e os titores e titoras do 1º curso de ESO, do Plan de Acollida para os pais e nais do alumnado que inicia no curso actual a etapa de educación secundaria obrigatoria e recollido no Plan de Convivencia.
- Propostas de actividades para desenvolver co alumnado nas sesións de tutoría.
- Asesoramento e seguimento da función tutorial, especialmente na ESO, a través da coordinación cos titores



e titoras por niveis educativos.

- Potenciar o desenvolvemento de programas de mellora da convivencia, educación para a saúde, prevención da violencia, igualdade.....
- Impulsar o desenvolvemento de programas que favorezan o coñecemento doutras culturas e os valores dunha sociedade democrática
- Selección e deseño de materiais que orienten aos titores e titoras no desenvolvemento da función titorial.

#### **Plan de orientación académica e profesional:**

- Facilitar ao profesorado e aos titores e titoras materiais nos que se recolle a actual estrutura do sistema educativo e información sobre os cambios que se produzan na normativa legal.
- Informar ao profesorado da optatividade na ESO, modalidades de bacharelato e vías que se cursan no centro.
- Informar ao profesorado das medidas organizativas de atención a diversidade que se están levando a cabo no centro: adaptacións curriculares individuais (ACI), reforzos...

#### **PLAN DE ACTIVIDADES 2º TRIMESTRE:**

##### **Proceso de ensino- aprendizaxe, atención a diversidade:**

- Continuar coas actuacións iniciadas no 1º trimestre: participación nas reunións dos equipos docentes, apoio ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, coordinación das actividades de tutoría,....
- Preparación de materiais para a realización das sesións da 2ª avaliación, na procura de buscar actuacións que favorezan a potenciación da vertente formativa.

##### **Ámbito de acción titorial:**

- Realizar un seguimento dos programas que se iniciaron no trimestre pasado, introducindo as modificacións e axustes que se estimen necesarios.
- Desenvolver novas propostas de actividades, en función das posibilidades e necesidades que se vaian detectando.

##### **Plan de orientación académica e profesional:**

- Potenciar o desenvolvemento de un programa de orientación académica co alumnado do 4º curso de ESO, que lle axude na toma de decisións e na elección da súa propia opción educativa e/ ou profesional.
- Elaboración de propostas para orientar na elección de materias optativas, dirixidas ao alumnado que cursa 2º, 3º e 4º de ESO.
- Elaboración de diferentes dossiers de orientación académica e profesional dirixidos ao alumnado de 3º e 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato e ás súas familias.
- Organización de espazos con materiais bibliográficos e informáticos sobre orientación académica e





profesional, así como establecemento de horarios para que poidan acudir a realizar as consultas concernentes a este ámbito.

### **PLAN DE ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE:**

#### **Proceso de ensino- aprendizaxe, atención á diversidade:**

- Colaborar no proceso de selección do alumnado proposto nas xuntas da 2ª avaliación para cursar un PDC (no caso de que se considere pertinente crear un grupo de PDC).
- Informar as familias destes alumnos das características dos PDC e solicitar a súa aceptación para que seu fillo/a curse dito programa (se procede).
- Preparación de materiais para a realización das sesións da 3ª avaliación incluíndo información relativa á promoción e titulación. Cumprimentación do informe final de avaliación
- Realizar a avaliación, xunto co profesorado implicado, dos agrupamentos específicos e do desenvolvemento das ACI.
- Colaborar no proceso de selección do alumnado proposto para cursar FP Básica. Información as familias deste alumnado.

#### **Ámbito de acción tutorial:**

- Continuar co desenvolvemento das actividades propostas e as novas que se consideren necesarias.
- Colaborar no asesoramento ao alumnado e familias en relación coas expectativas académicas e profesionais para o próximo curso.
- Asesorar aos titores e titoras na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que está recibindo medidas de atención a diversidade.
- Colaborar cos titores e titoras de ESO na formulación do Consello Orientador.

#### **Plan de orientación académica e profesional:**

- Colaborar no proceso de toma de decisións do alumnado tanto da ESO como do Bacharelato, favorecendo eleccións responsables e acordos coas súas posibilidades, interese e ofertas.

### **9. MEDIDAS ORGANIZATIVAS**

Para poder desenvolver os obxectivos propostos nos tres ámbitos de actuación do plan de orientación, tendo en conta a valoración da programación do curso pasado e as directrices recollidas no PE e na CCP, contémplanse as seguintes medidas organizativas.

- Reunións periódicas do Departamento de Orientación
- Reunións cos titores e titoras nas horas e datas fixadas na programación xeral do centro, segundo o calendario de reunións establecido pola xefatura de estudos.



- Reunións coordinadas polo titor ou titora co equipo docente de grupo, no horario destinado a actividades non fixas e nos recreos.
- Reunión trimestral cos orientadores/as dos CEIP A Ramallosa, Calo e Os Tilos, adscritos ao instituto, tendo como liñas xerais de actuación as seguintes:
  - Colaboración e asesoramento na organización da atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
  - Asesoramento e colaboración no deseño de modelos de informes de avaliación individualizados para o alumnado que remata a etapa da educación primaria.
  - Asesoramento para a orientación ao inicio da ESO, co alumnado que remata a etapa de educación primaria.

## **10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

O seguimento e avaliación do plan de orientación realizarase a través das reunións periódicas que se contemplan nas medidas organizativas e nas que sobre a orientación se realicen ao longo do curso. As modificacións introducidas e a valoración global do grao de consecución dos obxectivos propostos e das actividades realizadas reflectiranse na memoria final, así como as propostas de mellora que, de selo caso, se considere oportuno incorporar no plan do próximo curso.

Cacheiras, 20 setembro de 2021

Asdo: Xoán Ugarte Otero  
Xefe do Departamento

Asdo: M<sup>a</sup> Carmen García Castro  
Prof. . Pedagogía Terapéutica

Asdo: Helena Martínez Cebey  
Prof. Pedagogía Terapéutica

Asdo: Isabel Losada Campa  
Prof. Ámb. lingüístico-social

Asdo: Alejandro J. Caeiro Camino  
Prof. do Ámb. científico-técnico



**ANEXO I.**

**PROGRAMACIÓN**

**DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

**PARA O ALUMNADO CON NEAE**

## ÍNDICE

---

|   |         |
|---|---------|
| 1. Introducción.....                                    | pág. 23 |
| 2. Funcións das Mestras de Pedagogía Terapéutica.....   | pág. 23 |
| 3. Organización da Resposta Educativa.....              | pág. 25 |
| A) Metodoloxía.....                                     | pág. 26 |
| B) Actividades.....                                     | pág. 26 |
| C) Recursos.....  | pág. 26 |
| D) Avaliación.....                                      | pág. 27 |
| E) Modalidade de Apoio.....                             | pág. 28 |
| F) Temporalización.....                                 | pág. 28 |
| 4. Actuacións de Intervención Directa co Alumnado ..... | pág. 28 |
| 5. Plan de continxencia do COVID-19 .....               | pág. 30 |
| 6 Conclusión.....                                       | pág. 30 |

---

## INTRODUCCIÓN

Neste documento preséntanse aqueles aspectos relacionados coa **programación** que as mestras de **Pedagogía Terapéutica** levarán a cabo no IES de Cacheiras.

Reflicítese as estratexias a seguir, a metodoloxía, a temporalización, os obxectivos e a organización da resposta educativa.

Expóñense as **actuacións** a realizar co alumnado que precisa unha axuda determinada e que grazas aos principios de **normalización** e **inclusión** están presentes nas aulas ordinarias dos centros educativos, tal e como se recollen nas normativas vixentes, tanto autonómicas como estatais.

No tocante ás datas do período escolar, contextualización do centro, o seu organigrama, as súas características, os recursos e a atención ó alumnado con NEAE, remitimos ó **Proxecto Educativo**, á **Programación Xeral Anual** e á **Programación do Departamento de Orientación** na cal se inclúe este documento.

## 2. FUNCIONS DAS MESTRAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

O **desenvolvemento das capacidades** cognitivas, motrices, comunicativas, emocionais e de inserción social do alumnado, constitúe o obxectivo fundamental da nosa actuación. Segundo as características específicas do alumno/a que reciba o apoio, distinguiranse dous tipos de actuacións, tanto de carácter pedagóxico, curricular e organizativo, como relativas á utilización dos recursos específicos.

O campo de actuación das mestras de PT, queda enmarcado dentro dun modelo de **colaboración conxunta** cos outros profesionais da educación (titor, especialistas,...) e coas familias, contextualizado dentro dos espazos naturais de desenvolvemento do alumno/a, co fin de proporcionarlle o reforzo pedagóxico necesario para a consecución con éxito dos obxectivos propostos. Terase en conta que o intercambio de información e o establecemento de pautas de actuación sexan conxuntas e o máis coordinadas posible.

As estratexias baséanse na colaboración, de xeito que toda a comunidade escolar e os diferentes servizos educativos e profesionais que participen na atención do alumnado se sintan implicados, tendo presente o papel primordial da figura dos titores en toda a actividade educativa do grupo como axente principal da mesma. Este traballo colaborativo desenvolverase a través de diversas xuntanzas que favorezan o **intercambio fluído de información e propostas**.

Ao comezo de curso levarase a cabo unha **avaliación inicial** do alumnado, que xunto coa **avaliación psicopedagóxica** daqueles alumnos que o precisen, determinará a elaboración e revisión da Adaptación Curricular Significativa en caso necesario, a cal realizará o profesor da área adaptada, en colaboración co titor/a e o DO. Todo

isto co fin de proporcionar unha **resposta** o máis **axustada** posible ás súas **necesidades**. Estas deberán ser o máis significativas posibles, axeitándose en todo momento ó ritmo de aprendizaxe e ás necesidades detectadas do alumnado e en función das súas capacidades, intereses e motivacións.

Tendo en conta todo o anterior escollerase a **modalidade de apoio** que se considere máis beneficiosa para o alumnado. A intervención realizarase tanto na aula ordinaria como na aula de apoio, constituíndo un apoio directo ao alumno/a, sempre en coordinación co profesor/a de aula ou área, pretendendo así apartar o menos posible ao alumno/a do currículo ordinario. Nos alumnos/as que teñan ACS, o traballo rexerese polo ditado neste documento, mantendo un contacto permanente co titor/a ou profesor especialista.

As **mestras de PT** deberán realizar, entre outras, as seguintes **tarefas**, tal e como se expón no **D.120/1998 do 23 de abril**, no que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional:

- Contribuir na **identificación e avaliación** das **NEAE**.
- Atender directamente ao alumnado con NEAE en forma de **reforzo pedagóxico** ou no modo que se determine (realizando programas de prevención das dificultades de aprendizaxe, de modificación de conduta... en colaboración co DO ou o resto do profesorado), tendo en conta as súas características e necesidades.
- **Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica**.
- **Colaborar** cando sexa necesario cos titores ou profesores especialistas **na elaboración das adaptacións curriculares significativas**, no seu **seguimento e avaliación**.
- Aquelas funcións que se nos asignen como apoio ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Ademais impartiremos a algún alumnado a **Exención da segunda lingua**, levando a cabo actividades de reforzo nas áreas instrumentais, de atención, concentración, razoamento, discriminación visual, habilidades sociais, desenvolvemento das competencias básicas, etc.

### **3. ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA**

En todo momento haberá **coordinación** entre os profesionais que van atender ó alumnado, cun intercambio de información e o establecemento de **pautas de actuación conxuntas**.

**A) METODOLOXÍA:** A **metodoloxía** basearase nos seguintes **principios de intervención**:

- \* Partir do nivel de competencia curricular e de desenvolvemento do alumnado.
- \* Fomentar a actividade mental do alumnado tendo en conta o seu potencial de aprendizaxe.
- \* Favorecer no alumnado a curiosidade e o interese por aprender, tratando de que as aprendizaxes sexan motivadoras.
- \* Fomentar as aprendizaxes significativas.
- \* Garantir a funcionalidade das aprendizaxes.

- \* Organizar os contidos mediante un enfoque globalizador.
- \* Potenciar a interacción e a integración entre o alumnado.
- \* Fomentar unha autoestima e un autoconcepto positivos.
- \* Establecer pautas de comportamento claras e concisas.
- \* Evitar condutas sobreprotectoras para garantir no alumnado unha vida autónoma e independente no seu contorno máis próximo.

**B) ACTIVIDADES:** Na elaboración das **actividades** teremos en conta que:

- \* Sexan **motivadoras, variadas e dinámicas**.
- \* Estimulen a participación, solidariedade e non discriminación.
- \* Promovan a actividade mental do alumnado.
- \* Integren contidos de distinto tipo.
- \* Presenten grados de dificultade axustados e progresivos.
- \* Admitan niveis diferentes de intervención.
- \* Poidan resolverse empregando distintos enfoques.
- \* Admitan a interacción do alumnado.
- \* Permitan a **xeneralización das aprendizaxes**.

**C) RECURSOS:** Os **recursos** a empregar serán o máis **variados e estimulantes** posible para motivar ao alumnado e evitar caer na rutina. Preténdese a **participación activa** e procurarase o uso daqueles materiais que mellor **se adapten ás características e necesidades persoais** do alumnado. Se fose necesario, elaborárase ou tentárase conseguir o material específico que sexa requerido.

Entre os **recursos humanos** contamos con titores, profesorado especialista, departamento de orientación, equipo directivo, organismos, institucións, familias... etc.

Entre os **materiais** estaría o **Proxecto Educativo** (dentro do cal se inclúen o Plan de Acción Titorial, o Plan Xeral de Atención á Diversidade, o Plan de Convivencia, o Plan Lector, etc) e outros como **escalas de observación, probas diagnósticas, cuestionarios, material escolar variado, bibliografía específica, lexislación**, etc.

**D) AVALIACIÓN:** En canto á **avaliación**, constará de tres momentos: **inicial, continua e final**, constituíndo un proceso continuado, nin puntual nin illado, onde se achegará unha información valiosa.

A avaliación inicial axudará a coñecer o punto de partida do alumnado: capacidades adquiridas, dificultades que presentan, estilo cognitivo, etc. Coa avaliación formativa e continua comprobarase a evolución do alumnado, a detección de novas necesidades grupais ou individuais, así como a efectividade do programa en relación cos obxectivos establecidos. A avaliación final informará do grao de adquisición dos obxectivos previstos así como a

detección de dificultades no mesmo de cara ó vindeiro curso.

Este proceso de avaliación debe abarcar ao alumnado e profesorado, xa que a práctica educativa engloba a ambos, e achega datos que poden servir para modificar aqueles aspectos deficitarios ou enriquecer con outros nos que se abriron novas vías de actuación (*Decreto 86/2015, que regula o currículo básico na ESO*) establecéndoa como global, continua, formativa e diferenciada e a *Orde do 31 de outubro de 1996 sobre avaliación psicopedagóxica*).

Serán **obxecto de avaliación:**

- \* O **grao de consecución dos obxectivos**.
- \* A **pertinencia das actividades** e estratexias propostas e deseñadas.
- \* As modificacións realizadas durante o proceso no desenvolvemento do plan e a súa efectividade.

Serán **instrumentos e técnicas de avaliación:**

- \* A análise das actas de **reunións do departamento de orientación**.
- \* A análise dos **programas realizados e materiais** elaborados.
- \* A análise dos **informes** realizados.
- \* Os debates para recoller a **opinión de profesorado, alumnado e familias** sobre a actuación dos membros do departamento.
- \* A **memoria final**.

Para levar a cabo o proceso avaliativo rexerémonos polos **criterios de avaliación** e estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos para o curso con carácter xeral para todo o alumnado no **Decreto 86/2015**, polo que se establece o currículo para a ESO, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido na Orde do 21 de decembro de 2007, di que o **alumnado** que sexa obxecto de adaptación curricular, faráselles constar como **ACS** (adaptación curricular significativa) nas actas de avaliación, expediente e historial académico. Os **criterios de avaliación establecidos nelas** serán o **referente fundamental** para a súa avaliación e promoción.

O **seguimento** realízase a través de **reunións periódicas** cos titores, profesorado de materia e outros profesionais que participen na súa aprendizaxe, así como coa participación nas **sesións de avaliación** dos grupos nos cales existan necesidades educativas especiais, **reunións coas familias** e titores legais e **revisión constante** dos problemas máis frecuentes e posibles erros.

**E) MODALIDADE DE APOIO:** A **modalidade de apoio** realizarase na **aula de apoio** para matizar aprendizaxes máis específicas que requiran un tratamento individualizado co alumnado. No tocante ós **horarios**, tentarase seguir os da clase de referencia do alumnado que reciba o apoio para **favorecer a normalización e inclusión**. Os **apoios** serán **flexibles** para poder cambialos e modificalos segundo aparezan ou desaparezan as necesidades.



**F) TEMPORALIZACIÓN:** A **temporalización** é **flexible e variable**, xa que en calquera momento poden aparecer novos casos ou ser preciso a modificación das respostas educativas xa existentes.

O horario das profesoras de pedagogía terapéutica, é insuficiente para atender as necesidades de apoio que están a xurdir (a priori) neste curso. Ademais, o **alumnado que**, nun principio, **precisa apoio** das mestras de pedagogía terapéutica é probable que varíe en función das dificultades que se vaian observando no transcorrer das clases, polo que resulta practicamente seguro que exista alumnado para o que se adopte esta medida logo da avaliación inicial.

#### **4. ACTUACIONES DE INTERVENCIÓN DIRECTA CO ALUMNADO**

A nosa función é **reforzar a programación ordinaria** e, nas sesións levadas a cabo na aula de apoio, **traballar** individualmente co alumnado uns **obxectivos específicos**, buscando satisfacer unha serie de necesidades que presenta segundo as pautas establecidas na súa adaptación curricular significativa.

Establécense as seguintes **necesidades** a traballar:

- \* Necesitan que se desenvolvan (dentro das súas posibilidades) os **procesos cognitivos básicos** (memoria, atención e concentración).
- \* Necesitan descubrir a **funcionalidade das aprendizaxes** escolares e **xeneralización** das mesmas.
- \* Necesitan adquirir as **destrezas básicas** para mellorar a súa competencia a nivel curricular.
- \* Necesitan dunha **organización do seu traballo** diario, tanto no centro como na casa.
- \* Necesitan adquirir e desenvolver **habilidades sociais** e respectar as **normas** establecidas.
- \* Necesitan adquirir e desenvolver habilidades básicas de **autonomía persoal** (alimentación, hixiene...).
- \* Necesitan aceptar ós seus compañeiros e busca-la **interacción** con eles.
- \* Necesitan que se respecte o seu **ritmo de aprendizaxe**, esixíndolle acorde ás súas posibilidades e limitacións.
- \* Necesitan que dende o ámbito familiar fomenten a súa **independencia**, seguindo unhas mesmas pautas.

Tendo en conta as necesidades do alumnado, establécense os seguintes **obxectivos xerais**:

- \* Facilitar ao alumnado o **acceso ao currículo**.
- \* Adoptar as **medidas organizativas e recursos** persoais e materiais do centro que faciliten a atención á diversidade.
- \* Garantir a **integración** social e escolar.
- \* Fomentar o desenvolvemento das **aprendizaxes básicas instrumentais**.
- \* Establecer criterios de avaliación axeitados ás necesidades do alumnado.
- \* Fomentar **actitudes participativas**.
- \* Contribuir ao **desenvolvemento emocional** do alumnado.
- \* Desenvolver **habilidades sociais** propias da idade do alumnado.
- \* Mellorar o **autoconcepto e a autoestima** do alumnado.
- \* Favorecer o bo clima social da aula.

\* Desenvolver as aprendizaxes básicas funcionais que lles permitan vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.

\* Establecer técnicas específicas para a adquisición da linguaxe oral, escrita, razoamento e cálculo.

\* Fomentar o hábito e o gusto pola **lectura**.

\* Mellorar as **competencias lectoras**: comprensión, velocidade e fluidez.

\* Acadar un nivel axeitado de **comprensión e expresión oral** para comunicarse e para facilitar a aprendizaxe nas distintas materias.

\* Priorizar as **aprendizaxes matemáticas funcionais**: dominio do número, operacións básicas, resolución de problemas....

\* Traballar os prerequisites básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria...).

\* Potenciar a **colaboración das familias** no proceso educativo dos seus fillos/as.

\* Garantir un coñecemento real e positivo das posibilidades e limitacións dos seus fillos/as.

\* Fomentar a súa relación, participación e contacto cos distintos membros da comunidade educativa.

\* Evitar o abandono escolar.

## 5. CONCLUSIÓN

A modo de conclusión para a nosa programación gustaríanos destacar que na actualidade o centro debe adaptarse ao neno, e non éste ao centro, porque como dicía **García Pastor**: “O centro integrador é aquel que integra necesidades, non nenos”.

O sistema educativo camiña cara á “**inclusión total**”. Así, autores como **Ainscow** ou **Stemberg** propoñen que se debe chegar a unha participación total do alumnado con discapacidade.